BASES





VII PREMIO ALBERTE QUIÑOI DE ÁLBUM ILUSTRADO

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

EDITORIAL GALAXIA

XUNTA DE GALICIA



VII PREMIO ALBERTE QUIÑOI DE ÁLBUM ILUSTRADO

BASES

PRIMEIRA

Poderán optar ao VII Premio Alberte Quiñoi de Álbum Ilustrado, que convoca o Concello da Estrada co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a colaboración da Editorial Galaxia, todas as obras ilustradas de tema libre, inéditas en calquera medio ou soporte, dirixidas ao público infantil. Neste sentido, enténdese como álbum infantil o conxunto de texto e ilustración, no que tanto a escrita como as imaxes serán valoradas por xunto, concedéndoselles similar importancia. O(s) autor(es) ou autora(s) garantirán a autoría e orixinalidade da obra presentada ao premio, así como que non é copia ou modificación de ningunha obra allea nin integral nin parcialmente.

SEGUNDA

Poderán concorrer ao premio tanto unha soa persoa autora da parte textual e da gráfica coma dúas ou máis persoas coautoras da parte textual e/ou gráfica.

TERCEIRA


As obras serán presentadas co texto en lingua galega, seguindo a normativa oficial establecida pola RAG/ILG.

CUARTA

As obras a concurso deberán cumprir tamén as seguintes condicións:

- Poderase presentar obra completa ou proxectos, que consistirán nun dossier cun mínimo de 8 páxinas rematadas, tamaño tamaño de 240×210 mm en formato horizontal ou 170×240 mm en formato vertical, formato PDF, e escaleta completa do guión ou storyboard completo da obra.

- O texto do álbum poderá presentarse xa incorporado á parte gráfica outamén por separado dela. En caso de presentarse o texto por separadoenviaranse cinco copias impresas deste e outro xogo doutras cinco copias a cor do conxunto de ilustracións. Tamén deberán achegarse indicacións precisas de onde debe figurar o texto en cada páxina ilustrada. En caso de presentarse o texto xa incorporado á parte gráfica deberán enviarse cinco copias impresas a cor do álbum.



VI PREMIO ALBERTE QUIÑOI DE ÁLBUM ILUSTRADO

BASES

- As obras deberán ter unha extensión, sen incluír a cuberta e contracuberta e as gardas, dun mínimo de 24 páxinas e un máximo de 48 páxinas cun un tamaño de 240x210 mm en formato horizontal ou 170x240 mm en formato vertical.

- Os álbums presentaranse con título e baixo pseudónimo. Nun sobre á parte e cerrado figurarán o nome completo, DNI, enderezo postal e electrónico e máis o teléfono do autor ou autora. Todos estos datos de cada un dos autores da obra.

- O autor/a ou autores/as presentarán na plica unha declaración xurada conforme de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social, e non estar incursos en prohibición de percepción de obrigas públicas, e en xeral de cumprir os requisitos do artigo 13 da LGS 38/2003, así como fotocopia do DNI, NIE, pasaporte ou documento equivalente.

- A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificarase mediante unha declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos e que ademais non se empregou ningunha clase de IA xenerativa na súa realización.

QUINTA

O prazo de admisión de orixinais rematará o 31 de xaneiro de 2026. Os álbums deberán enviarse ao seguinte enderezo:

VII Premio Alberte Quiñoi de Álbum Ilustrado
Concello da Estrada
Praza da Constitución, 1
36680 A Estrada (Pontevedra)

SEXTA

Establécese un premio único de 4.000 euros para o gañador ou gañadora, suxeito ás retencións que, no seu caso, procedan. De seren dúas ou máis as persoas gañadoras, a contía do premio repartirase equitativamente entre todas elas.
O premio poderá xestionarse por tramitación anticipada de gastos, co obxecto de iniciar a tramitación no exercicio 2026, e adxudicar (disposición de gastos) e recoñecer o importe da obriga con cargo aos orzamentos de 2027, en concreto, na aplicación orzamentaria 2026/01/330/48100 con data límite o 31/12/2027.

As persoas premiadas deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello da Estrada.



VII PREMIO ALBERTE QUIÑOI DE ÁLBUM ILUSTRADO

BASES

SÉTIMA

O álbum gañador será publicado pola Editorial Galaxia.
Ademais, se o considerase oportuno o xurado poderá destacar unha obra como finalista, abrindo a plica correspondente á obra e, se a/as persoa/as autora/as o permite, darase a coñecer o seu nome e título, obra que será publicada por Editorial Galaxia, asinando co seu autor/a un contrato de edición estándar rendendo o 10 por cento de dereitos de autor.

OITAVA

O xurado estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio vinculadas ao mundo da creación e/ou da crítica literaria ou artística e será designado polo Concello da Estrada (tres membros), a Secretaría Xeral de Política Lingüística (un membro) e a Editorial Galaxia (un membro). Actuará como secretario ou secretaria do xurado, un dos membros do xurado a proposta e en representación da Corporación do Excmo. Concello da Estrada. O premio outorgarase por maioría simple de votos, podendo ser declarado deserto se o xurado así o estima. A decisión do xurado será inapelable.

A resolución será notificada ao interesado antes de 01/12/2027.

Na valoración das obras presentadas o xurado terá en conta os seguintes criterios:

1.º Calidade textual e visual da obra presentada, en especial, trama, ritmo narrativo, estrutura narrativa e creación de personaxes. Prestarase especial atención á interacción entre texto e imaxe.
2.º Orixinalidade e valor cultural da proposta, en especial, valoraranse as achegas que supoñan unha innovación dentro do panorama da actual narrativa galega. Terase en conta, ademais, a capacidade do álbum para xerar educación en valores.
3.º Calidade e coidado da lingua empregada, que supoña un elemento enriquecedor da obra e se adapte a súa trama e estilo.



NOVENA

As presentes bases publicaranse na web municipal www.aestrada.gal, na app do Concello e nas súas redes sociais.
O extracto da convocatoria desta subvención publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Posteriormente, a BDNS dará traslado do extracto desta ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para a súa publicación.

DÉCIMA

O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no Departamento de Cultura, nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei Xeral de Subvencións.

Os textos non premiados poderán ser retirados no Departamento de Cultura do Concello da Estrada, previa presentación de solicitude, por correo-e ou teléfono. O impreso de retirada será asinado polo autor ou autora no momento da súa recollida, nun prazo de quince (15) días contados a partir do seguinte ao da comunicación do xurado. Aqueles que non sexan retirados no prazo indicado serán destruídos, sen que proceda ningunha reclamación ao respecto.

UNDÉCIMA

A presente subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.

DUODÉCIMA

A presentación ao premio implica por parte dos ou das concursantes a aceptación total destas bases, así como das Bases de Execución do Orzamento.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

EDITORIAL GALAXIA

XUNTA
DE GALICIA